

Comenzó onte, en Poio, o primeiro congreso de escritores galegos

● *Na inauguración estiveron presentes más de cento cincuenta participantes*

POIO.—(Do noso enviado especial, XOSE A. PEROZO).

As 11,30 horas da mañán de onte tivo lugar no Mosteiro de Poio (Pontevedra), a inauguración do «I Congreso de Escritores en Lingua Galega», organizado por la Asociación de Escritores Galegos. No acto de apertura das sesións tomou a palabra en primeiro termo o presidente da devandita Asociación, Bernardino Graña, quen explicou as case cento cincuenta persoas asistentes, a traxectoria organizativa que se seguiu pra conquerrir artella-lo Congreso, cuíos méritos atribuiu ao segredario da Asociación, Alfonso Pexegueiro, do que dixo que levara prácticamente soio o peso de todo o traballo.

Deste congreso que leva como lema a frase cunqueirán: «Cen mil primaveiras más pra Galicia», dixo Bernardino Graña que: «Empenza no mes de maio, mes de frores e de lus, co cal espero que empece a lus da literatura galega», engadindo que: «Este feito é un producto dun instinto natural da mocidade». Deseguido, falou o membro honorario da Asociación, e presixioso creador, Rafael Dieste, quen fixo unha semblanza do significado da xeneración a que él pertenece dentro da cultura galega, e respecto das queixas que os organizadores veñen facendo sobre certo «boicot» de algúns sectores intelectuais, dixo que: «Hai que amingoaar un pouco o ton de queixa pra cambealo po run ton de ledicia», engadindo que: «As xenreiras teñen que desaparecer diante de empresas tan grandes coma esta». O profesor Carballo Calero, tamén membro honorario da Asociación, interviu seguindamente falando dese senso honrífico que tiña a sua presencia e a de Dieste no congreso, e da necesidade de facer un relevo no quefacer da cultura galega, decindo que:

«Esta Asociación de Escritores ten que recupera-lo senso científico da literatura», xa circunscribindose ao congreso, manifestou a sua confianza en que: «Algo do que anda torto, saia dereito deste congreso». Como remate, Alfonso Pexegueiro, lembrou aos grandes escritores falecidos como Cunqueiro, Blanco Amor, Seoane e Celso Emilio, decindo posteriormente que: «A misión do congreso é afirmar a nosa cultura e a nosa literatura». Xa como remate agradeceu a asistencia das personalidades procedentes de Cataluña, área luso-brasileira, e Hispanoamérica, lendo comunicados de adhesión de Pura e Dora Vázquez, Anxel Fole (que non poido asistir por recomendación médica), Nélida Piñón (que non chegou a vir por problemas económicos) e das asociacións de escritores de Cabo Verde e Angola, agradecendo a colaboración económica dos organismos que a teñen prometido.

A poñencia prevista para as 12 da mañán de Basilio Losada sobre «Narrativa galega actual», foi retrasada ate as catro da serán.

O Congreso rematará o luns dia 4. A partires das dez da mañán desde dia, un representante dos grupos que existen en Galicia presentará unha poñencia sobor do teatro galego, e o escritor Constantino Rábade falará de «A literatura galega ante o desencanto».

A partir das doce, Carlos Sixirei presentará unha ponencia sobor de «A literatura galega en América»; Xosé Santamaría Conde presentará su ponencia sobre «Os estudos económicos en lingua galega», e Enrique Feixoo falará de «O escritor e o seu eu». Pola tarde, a partires das catro, celebrarase un debate aberto no que participarán todos os asistentes ao Congreso.